

NORMAS XERAIS

Está prohibido nos locais destinados a pintura:

- Fumar, en especial, se se está a pintar cunha pistola de pulverización.
- Utilizar un lume de chamas ao descuberto, ou producir chispas.
- Acelerar o secado dos obxectos pintados, utilizando métodos improvisados.
- Empregar lámpadas de soldar ou produtos inflamables para picar e lavar as antigas pinturas.
- Realizar traballos de pintura nun vehículo automóbil sen baleirar previamente o depósito de gasolina ou sen desconectar a batería.
- Deixar trapos e produtos combustibles.

É obrigatorio:

- Poñer os trapos sucios dentro de recipientes metálicos (con tapadeiras) que haberá que baleirar a miúdo.

PROTECCIÓN DA PEL E DO APARELLO DIXESTIVO

Está prohibido:

- Comer coas mans manchadas de pintura.
- Depositar os alimentos en lugares onde hai vapores de pintura.
- Lavar as mans con disolventes de pintura.



É obrigatorio:

- Utilizar luvas e máscaras para a protección da pel.


Recoméndase:

- Despois dos traballos de pintura realizar uns coidados apropiados de hixiene (ducharse, lavar os ollos, etc.)

PROTECCIÓN DAS VÍAS RESPIRATORIAS

É obrigatorio:

- Levar, segundo os tipos de traballo que hai que realizar:
 - Unha máscara con cartucho filtrante e gafas.
 - Unha máscara con aportación de aire fresco.
- Cando se traballe ao aire libre ou nunha corrente de aire, poñerse de costas ao vento ou á corrente.



TRABALLOS DE PINTURA NOS LOCAIS CERRADOS OU MAL VENTILADOS (cubas, recipientes, etc.)

É obrigatorio:

- Utilizar protección individual (máscara, cubrecabeza ou combinación de ambas as dúas).
- Comprobar antes de entrar no local ou no depósito que a atmósfera é respirable.
- Levar un cinto de seguridade ou arnés provisto de amarre de seguridade, no que a extremidade libre estará collida por un ou varios operarios que permanecerán fóra e vixiarán constantemente ao operario do interior, ao cal deberán ser quen de sacar en caso de necesidade.
- Saírse, sen tardanza, á primeira manifestación de malestar.
- Utilizar un dispositivo de ventilación con manguera flexible, que recolla os vapores na parte inferior do depósito.
- Proverse dunha protección individual (máscara autónoma e iluminación de seguridade) ou ventilar enerxicamente antes de entrar nun depósito acabado de pintar.

